

**PREGUNTA DE AER RELATIVO AO CUMPRIMENTO DE MOCIÓNS: HORAS EXTRAS NO CONCELLO.(Rex. Entrada 22.06.2017, 2017-E-RC-9.349).**

PLENO 28 XUÑO DE 2017. ACTA 07/2017

*“No pleno do 2 de setembro de 2015 aprobouse a moción sobre horas extras no Concello. Os acordos establecían:*

*-Creación con carácter inmediato dunha mesa de negociación, coa presenza do servizo de Intervención e representantes sindicais, cara a establecer un procedemento acorde coa lei.*

*-Creación dun listado ordenado de persoal disposto a facer horas extras e que se siga unha rigorosa orde de ofrecemento segundo a cualificación profesional correspondente e os servizos para os que se solicita.*

*-Solución con carácter inmediato da problemática dos Multiusos de Chapela e Redondela, adecuando os horarios aos dereitos dos traballadores.*

*Sendo o resultado da votación, tal como quedou transcrita na correspondente acta:*

*A corporación, por unanimidade dos/as concelleiros/as presentes acorda que é necesaria a invitación aos Sindicatos para tratar os dous primeiros puntos, sendo 19 votos a favor (8 do PP, 5 do PSdeG-PSOE, 3 de AER, 1 do BNG e 1 da concelleira non adscrita). O alcalde sinala que ten prevista unha reunión cos mesmos por outros motivos e que porá a cuestión no seu coñecemento, comprometéndose a convocar unha reunión antes do vindeiro Pleno.*

**Poderíanlle concretar á veciñanza o estado de cumprimento dos acordos desta moción?”**

*A sra. Amoedo Dasilva resposta qua o concello dispón dunha RPT onde se recolle a especial dedicación dos postos afectados pola realización de servizos extraordinarios e na actualidade se esta negociando cos sindicatos, a través das mesas de negociación, a regulación da retribución pola realización de servizos extraordinarios. Na actualidade se confeccionan listados para controlar os servizos extraordinarios.*